



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de agosto de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteseis de xullo de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**SEGREGACIÓN PARA REORGANIZACION DE PARCELAS RIB/C/70/16.-**

Visto o escrito presentado por **Dona Antonia Almuiña Rodríguez**, con domicilio na rúa Eduardo Chao Fernández, no que solicita licencia para reorganización de parcelas situadas en Maquiáns (Ref. Catastral núm. 32070A009009810000YJ; 32070A009009800000YI; 32070A009010150000YK; 0632602NG7803S0001KX; 0632607NG7803S0001JX; 0632609NG7803S0001SX), deste término municipal.

Consta MEMORIA TÉCNICA PARA A REORGANIZACIÓN DE PARCELAS SITUADAS EN MAQUIÁNS, CONCELLO DE RIBADAVIA (2 copias), redactada pola Enxeñeira Técnica Agrícola Susana Lamas Álvarez.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 29 de xullo de 2016 no que se conclue o seguinte:

CONCLUSIÓN: Informase favorablemente a solicitude presentada, segundo MEMORIA TÉCNICA PARA A REORGANIZACIÓN DE PARCELAS SITUADAS EN MAQUIÁNS, CONCELLO DE RIBADAVIA, redactada pola Enxeñeira Técnica Agrícola Susana Lamas Álvarez.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza de segregación a **Dona Antonia Almiña Rodríguez**, para a reorganización das parcelas situadas en Maquians, de acordo coa memoria técnica presentada, quedando as parcelas resultantes despois da regularización da seguinte maneira:

- a) Parcela 1, superficie de parcela 946,00 m<sup>2</sup>. Linda ao Norte con parcela propiedade de Luís Domínguez, Andrés Fidalgo López e Herdeiros de Luis Álvarez Iglesias; ao Sur Luís Corbal e parcela 1016 do polígono 9; ao Este máis da propiedade (segundo consulta telefónica ca técnica redactora da memoria, trátase dos herdeiros de Antonio Almuíña); e ao Oeste con vial público.
- b) Parcela 2, superficie de parcela 991,00 m<sup>2</sup>. Linda ao Norte con parcela propiedade de Andrés Fidalgo López e Herdeiros de José Escudero Rodríguez; ao Sur con parcela propiedade de José Luis Almuíña Rodríguez e máis da propiedade (segundo consulta telefónica ca técnica redactora da memoria, trátase dos herdeiros de Antonio Almuíña); ao Este con vial público sen asfaltar; e ao Oeste máis da propiedade (segundo consulta telefónica ca técnica redactora da memoria, trátase dos herdeiros de Antonio Almuíña).

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitude de información urbanística interesada por **Don Pedro Alfaro Vázquez**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo de Fútbol nº 10, San Cristovo, número de expediente **RIB/C/69/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 28.07.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na rúa Campo de Fútbol nº 10, San Cristovo (Ref. Catastral 1545709NG7814N0001KS), a solicitude de **Don Pedro Alfaro Vázquez**, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda correxilo, quedando o mesmo do seguinte xeito:

#### **CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO**

Visto o escrito presentado por **Dona Maria Antonia Arca Rodríguez**, con domicilio na rúa Cruceiro nº 1, Francelos, no que solicita a baixa do recibo da sepultura terrena núm. 30T, Socalco primeiro, dereita e que pase a nome da súa irma Dona Dolores Arca Rodríguez, actualmente o nome das dúas, para o cál acompaña copia da autorización a dito cambio.

A Xunta de Gobeno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a transmisión do dereito do aproveitamento funerario sobre o sepultura terrena núm. 30T, Socalco primeiro,



dereita do cemiterio municipal a nome de Dona Dolores Arca Rodríguez, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Yolanda de Oliveira Oliveira**, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 9, 4º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 18-07-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Antonia Fernández García**, con domicilio na rúa Lucía nº 1, Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial (comercial), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 19-07-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes

- Da Consellería do Medio Rural, acordo da Consellería do Medio Rural para a cesión ao grupo de emerxencias supramunicipais (GES) de Ribadavia de equipos de protección individual destinados a labores de retirada de niños de vespa velutina.

-Da Deputación Provincial de Ourense, acordo da Xunta de Goberno Local de data 15.07.2016, sobre modificación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, relativa ás obras municipais nº 77/POS/2016, do Concello de Ribadavia.

- Da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, Resolución de 29 de xullo de 2016, relativa a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016 modificando Resolución de expte. núm. TR331A/2016-0101.

- Do Instituto da Xuventude, Resolución concedendo subvención para o proxecto núm. referencia 2016-2-ES02-KA105-008238, programa Erasmus +, por importe de 15.779,66 euros.

- Da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, concedendo subvención ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016 para actividades de voluntariado, por importe de 4.800 euros.

- Da Axencia Galega de Turismo, comunicando proposta de resolución provisional de subvención para investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

- Da Depución Provincial de Ourense, escrito relativo a designación de membros de dito organismo en tribunais cualificadores de procesos selectivos.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

**Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.-**



Vista a Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), de acordo coa memoria adxunta.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

**APROBACION DAS BASES PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBADAVIA. CURSO 2016/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a concesión de axudas para material escolar do Concello de Ribadavia, Curso escolar 2016-2017 e que de seguido transcríbense:

**"A. Requisitos**

- Que os ingresos totais da unidade familiar non superen os 1.065,02€
- Estar empadroad/a no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención.
- Ser alumno/a de Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.
- Aportar a factura de compra do material con firma e selo de pagado.

**B. Documentación a presentar**

- Certificado de matricula do centro escolar para o curso 2016-2017 do/a alumno/a.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dun/unha dos proxenitores ou tutor/a legal.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada e completa da declaración da renda referida ó exercicio 2015. En caso de non estar obrigados a facela ou de non presentala voluntariamente, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da última nómina ou documento que acredite os ingresos familiares. Así mesmo presentarán certificado doutras axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Axuda a Integración do Menor, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo... ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do Inem e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.
- Factura de compra do material con firma e selo de pagado.
- Nº de Conta **IBAN**, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.

**C.- Baremo**



**Nenos/as de 3 a 6 anos -Educación Infantil:**

	<b>INGRESOS</b>	<b>AXUDA</b>
<b>1º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 1,25 do IPREM* (665,64€)	<b>125€</b>
<b>2º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 2 do IPREM (1.065,02€)	<b>90€</b>

\*Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, becas, subvencións, subsidio de desemprego entre outros.

**D.- Contía das Axudas:**

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, mediante Informe Social, baseándose no apartado de C. Baremo.

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos dos baremos anteriores.

**E.- O prazo:**

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 12 ó 30 de setembro de 2016.

**F.- Lugar de presentación:**

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello."

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**